

Texto: **PHILIPPE NESSMANN**  
 Ilustracións: **NATHALIE CHOUX**  
 Tradución: **EMMA LÁZARE**

Encadernado en cartoné e canutiño metálico  
 130 páxinas en color. 18,5x25 cm.  
 Disponible en:

- Galego: "Máis respostas ás preguntas que nunca te fixeches"  
ISBN 978-84-96957-40-4
- Castelán: "Más respuestas a las preguntas que nunca te has hecho"  
ISBN 978-84-96957-41-1
- Portugués: "Máis respostas às perguntas que nunca te fizeste"  
ISBN 978-989-8205-27-8

Prezo: 16 €



## MÁIS RESPOSTAS ás preguntas que nunca te fixeches

**Cantos pelos ten un home no seu corpo? E unha muller? E un neno?  
 Podemos aprender mentres durmimos? As galiñas teñen dentes?  
 Canto cuesta transformar o chumbo en ouro?**

**"Máis respostas ás preguntas que nunca te fixeches" responde a máis de 100 preguntas inéditas, pero sempre a serio e con bo humor. Un descubrimento orixinal do universo, dos homes, da natureza e dos animais, do inmenso ao minúsculo. Unha nova ocasión para poñer a proba os pais, os profes, e os compañeiros.**

Despois da súa exitosa primeira parte, "Todas as respostas" segue saciando a curiosidade dos lectores máis inquedados, interesados no que, como, cando, onde e porqué do que nos rodea. Esta nova entrega aborda oito grandes áreas nas que se ofrecen solucións ás preguntas máis inesperadas. Mantén a súa presentación, a modo de caderno, e a súa estrutura narrativa, de xeito que ao final de cada resposta se engade unha nova cuestión relacionada co tema tratado, ampliando os coñecementos recién adquiridos.

A existencia ou non de seres extraterrestres, as etapas polas que atravesou a vida no noso planeta ou cal é o fósil vivinte pertencente ao reino vexetal son algunhas das cuestións que se expoñen nos apartados sobre o Universo, a Terra ou as prantas. A identidade do ser que representa o 80% da masa total dos animais terrestres, as diferenzas entre animais de sangue quente e fría, ou as habilidades lingüísticas do home de Cromañón son preguntas referidas á evolución humana e aos seres vertebrados, tanto grandes como de pequeno tamaño. Tamén se pode aprender sobre reciclaxe ou formulación química nas seccións de ecoloxía e de misterios científicos.

- **Temática:** libro de coñecemento e divulgación, sobre curiosidades
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** segundo volume do libro "Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches"; ilustracións de estilo icónico; cada resposta complétase cunha breve información que amplía o tema tratado; índice de materias:
  - Todo o Universo – Planeta Terra – Prantas
  - Pequenas bestas – Grandes bestas –
  - Do home de Cro-Magnon ao home biónico
  - Cuestións de ecoloxía – Misterios da ciencia

**PHILIPPE NESSMAN** (Francia, 1967)

Estudou Enxeñería e Historia da Arte. Traballou como xornalista especializado en Ciencia e Actualidade ata o ano 2003. Actualmente dirixe unha colección na editorial xuvenil Mango.

**NATHALIE CHOUX** (Francia, 1967)

Estudou Artes Aplicadas en París. Traballa como ilustradora; tamén colabora con medios de comunicación escritos e axencias de publicidade.